



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA,
ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA SA E A ASOCIACIÓN XUNTA DE
CONFRARÍAS DA SEMANA SANTA DE VIVEIRO PARA A CELEBRACIÓN DA
SEMANA SANTA DE VIVEIRO 2016.**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Asociación Xunta de Confrarías da Semana Santa de Viveiro o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 14 de marzo de 2016 ata o 15 de xuño de 2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O obxecto do presente convenio é establecer o marco de colaboración entre Axencia Turismo de Galicia, ABANCA e a Asociación Xunta de Confrarías da Semana Santa de Viveiro, para a o apoio á celebración da Semana Santa 2016, por considerar este evento como un dos elementos esenciais para o desenvolvemento turístico de Galicia. A categoría e relevancia acadada por este celebración fan que esta acade unha incidencia directa no que atinxe á divulgación da oferta turística galega vinculada aos extraordinarios recursos turísticos deste país e impulsando así a mellora económica do sector.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

1.- A Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9º do Decreto 196/2012, do 27 de setembro polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia, é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de fomento e competitividade do turismo, e no exercicio das súas funcións, correspóndelle executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.

2.- A Asociación Xunta de Codradías da Semana Santa de Viveiro, é unha organización sen ánimo de lucro dedicada á divulgación, promoción e organización da Semana Santa de Viveiro, que está considerada como unha das máis fermosas de toda Galicia e destaca polo grande valor histórico e artístico da súas imaxes e ademais é unha das celebracións relixiosas máis antigas da comunidade autónoma xa que se celebra de xeito ininterrompido dende o século XIII. No ano 1998 acadou a declaración de Festa de Interese Turístico Nacional e no ano 2013 a de Festa de Interese Turístico Internacional.

3.- A Axencia Turismo de Galicia asinou un Convenio Marco coa entidade financeira ABANCA coa finalidade de articular a colaboración entre as dúas entidades para o apoio á promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico na Comunidade Autónoma de Galicia, e comprométese a través deste convenio de colaboración a colaborar economicamente no desenvolvemento da Semana Santa de Viveiro.

4.- Asociación Xunta de Confrarías da Semana Santa de Viveiro é a única que organiza a Semana Santa de Viveiro, o que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos

contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

Elena Barca Ramos